



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

EXTRACTO DE CONVOCATORIA DE AYUDAS A FAVOR DE LA NATALIDAD EN EL AYUNTAMIENTO DE VIMIANZO

BDNS (Identif.): 885264

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/885264>)

CONVOCATORIA 2026

Convocatoria de ayudas al fomento de la natalidad y asentamiento poblacional del Ayuntamiento de Vimianzo - anualidad 2026

1. Objeto

Convocar para el ejercicio 2026 ayudas económicas a las familias del Ayuntamiento de Vimianzo por el nacimiento, adopción o acogimiento de menores, con el fin indicado en las bases.

2. Bases reguladoras

A presente convocatoria se registrará por las Bases reguladoras aprobadas y ponerla normativa indicada en ellas.

3. Beneficiarias y requisitos

Podrán ser beneficiarias las personas definidas en la base 5, siempre que cumplan los requisitos de la base 6.

4. Período del hecho causante

Serán subvencionables los nacimientos, adopciones o acogimientos producidos entre 1 de enero y el 31 de diciembre de 2026.

5. Cuantía

La cuantía de la ayuda será de 300,00 € por cada hijo/a nado/la, adoptado/la o acogido/a.

6. Crédito presupuestario, cuantía máxima y ampliación

La convocatoria se financiará con cargo a la aplicación 231.48101, por importe máximo de 7.200,00 €.

El crédito podrá ser ampliado en las condiciones previstas en la base 4.

7. Procedimiento (no concurrencia competitiva) y criterio de reparto del crédito

El procedimiento se tramitará sin concurrencia competitiva.

La concesión se efectuará por orden de presentación de las solicitudes completas (data y hora de registro), hasta agotamiento del crédito.

De ampliarse el crédito, podrán dictarse resoluciones adicionales conforme a la nueva disponibilidad.

8. Plazo y presentación de solicitudes

Plazo: 2 meses contados desde el día del nacimiento, adopción o acogimiento.

Presentación: Registro General del Ayuntamiento y demás medios del art. 16.4 de la Ley 39/2015.

9. Documentación

La prevista en la base 10.

10. Instrucción, subsanación y resolución

Órgano instructor: Servicios Sociales/Bienestar Social.

Subsanación: 10 días hábiles.

Órgano competente para la concesión: Junta de Gobierno Local o órgano delegado.

Órgano competente para la aprobación de la justificación: Alcaldía o órgano delegado.

11. Justificación y pago

El pago se efectuará tras la justificación por facturas/documentos equivalentes y, en su caso, receta médica, en el plazo de 2 meses desde la notificación de la concesión.

En casos especiales, podrá abonarse al establecimiento suministrador en los tener de la base 12.

12. Plazo máximo de resolución y silencio

Plazo máximo: 9 meses. Silencio: desestimatorio.

13. Publicidad (BDNS y boletín oficial)

La convocatoria se remitirá a la BDNS y se publicará el extracto en el boletín oficial que corresponda; asimismo se publicará la relación de concesiones en sede/web y BDNS.

14. Incompatibilidades

Las previstas en la base 15.

15. Recursos

Se indicará en el acuerdo de aprobación el régimen de recursos procedente según el órgano que apruebe la convocatoria y el que resuelva.

Vimianzo

26/1/2026

Mónica Rodríguez Ordóñez Alcaldesa do Concello de Vimianzo

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A FAVOR DA NATALIDADE NO CONCELLO DE VIMIANZO**BDNS (Identif.): 885264**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/885264>)

CONVOCATORIA 2026

Convocatoria de axudas ao fomento da natalidade e asentamento poboacional do Concello de Vimianzo - anualidade 2026

1. Obxecto

Convocar para o exercicio 2026 axudas económicas ás familias do Concello de Vimianzo polo nacemento, adopción ou acollemento de menores, co fin indicado nas bases.

2. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras aprobadas e pola normativa indicada nelas.

3. Beneficiarias e requisitos

Poderán ser beneficiarias as persoas definidas na base 5, sempre que cumpran os requisitos da base 6.

4. Período do feito causante

Serán subvencionables os nacementos, adopcións ou acollementos producidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.

5. Contía

A contía da axuda será de 300,00 € por cada fillo/a nado/a, adoptado/a ou acollido/a.

6. Crédito orzamentario, contía máxima e ampliación

A convocatoria financiarase con cargo á aplicación 231.48101, por importe máximo de 7.200,00 €.

O crédito poderá ser ampliado nas condicións previstas na base 4.

7. Procedemento (non concorrencia competitiva) e criterio de repartición do crédito

O procedemento tramitarase sen concorrencia competitiva.

A concesión efectuarase por orde de presentación das solicitudes completas (data e hora de rexistro), ata esgotamento do crédito.

De ampliarse o crédito, poderán ditarse resolucións adicionais conforme á nova dispoñibilidade.

8. Prazo e presentación de solicitudes

Prazo: 2 meses contados desde o día do nacemento, adopción ou acollemento.

Presentación: Rexistro Xeral do Concello e demais medios do art. 16.4 da Lei 39/2015.

9. Documentación

A prevista na base 10.

10. Instrución, subsanación e resolución

Órgano instrutor: Servizos Sociais/Benestar Social.

Subsanación: 10 días hábiles.

Órgano competente para a concesión: Xunta de Goberno Local ou órgano delegado.

Órgano competente para a aprobación da xustificación: Alcaldía ou órgano delegado.

11. Xustificación e pagamento

O pagamento efectuarase tras a xustificación por facturas/documentos equivalentes e, se é o caso, receita médica, no prazo de 2 meses desde a notificación da concesión.

En casos especiais, poderá abonarse ao establecemento subministrador nos termos da base 12.

12. Prazo máximo de resolución e silencio

Prazo máximo: 9 meses. Silencio: desestimatorio.

13. Publicidade (BDNS e boletín oficial)

A convocatoria remitirase á BDNS e publicarase o extracto no boletín oficial que corresponda; así mesmo publicarase a relación de concesións en sede/web e BDNS.

14. Incompatibilidades

As previstas na base 15.

15. Recursos

Indicarase no acordo de aprobación o réxime de recursos procedente segundo o órgano que aprobe a convocatoria e o que resolva.

Vimianzo

26/1/2026

Mónica Rodríguez Ordóñez Alcaldesa do Concello de Vimianzo

2026/705